

**ASISTENTES:****Presidente**

Mateo Alonso Corredera

**Tesoureiro**

Henrique Freixeiro

**Estamento de Clubs**

Club Billar A.G.P.

Círculo da Chantada

Club Billaristas Errantes

Club Billar Galiano

**Estamento de Xogadores**

Xosé Antón Lago Alsina

**Estamento de Árbitros**

José Ramón González

Ausente por enfermidade o  
Secretario da Federación.

ACTA da reunión da **ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA** da Federación Galega de Billar, celebrada o día 6 de Abril de 2026, ás 18:00 horas en segunda convocatoria, de forma telemática, mediante videoconferencia, onde exerce de Secretario da Asemblea o Tesoureiro da Federación, por imposibilidade de asistencia do Secretario, para tratar o seguinte:

**ORDE DO DÍA:**

- 1º Aprobación, do Regulamento Electoral para as eleccións da F. G. B. (exposto na páxina web).
- 2º Aprobación, do Borrador do Calendario Electoral. (exposto na páxina web).
- 3º Autorización ao Presidente para emendar, no caso de que as houberse, as deficiencias que a Xunta comunique.
- 4º Elección da Xunta Electoral
- 5º Elección da Comisión Xestora

**ORDE DO DÍA:****1.- Aprobación do Regulamento Electoral para as eleccións da F.G.B.**

Continuando coa orde do día, o Presidente solicitou aos presentes a aprobación do Regulamento Electoral, xa que practicamente xa estaba supervisado pola Xunta de Galicia.

Sendo aprobado por unanimidade.

**2.- Aprobación do Borrador do Calendario Electoral**

A continuación, o Calendario Electoral, e o Presidente anuncia que o calendario que se mostra na páxina web é incorrecto e que a versión corrixida, elaborada co asesoramento da Xunta de Galicia, subirase o martes. Esta versión tamén é aprobada por unanimidade.

**3.- Autorización ao Presidente para emendar, no caso de que as houberse, as deficiencias que a Administración autonómica comunique.**

Tamén se aproba por unanimidade a autorización ao Presidente para realizar as correccións que sexan necesarias.

**4.- Elección da Xunta Electoral.**

O Presidente informa aos presentes de que se recibiron cinco solicitudes para formar parte da Xunta Electoral, todas elas cumprindo os requisitos establecidos, pero necesítase un candidato máis, polo que se propón a Guillermo Bao, que está disposto a ocupar o posto e xa formou parte del nas eleccións anteriores.



## ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA



Polo tanto, a **Xunta Electoral estará composta por:**

TITULARES: Guillermo Bao Blanco  
Francisco Javier García López  
Yago Montenegro Díaz Flores

SUPLENTES: M<sup>a</sup> Isabel Núñez Martínez  
Lourdes Eguia Oliver  
Enrique Piñeiro Pérez

### 5.- Elección da Comisión Xestora.

**Os membros designados pola Comisión Delegada, son:**

TITULARES: C.C.R. de Chapela (Clubs)  
Jacobó Daviña Gayoso (Xogadores)  
Jose R. González Ventosinos (Árbitros)  
Juan Manuel Casal Rubio (Técnicos)

SUPLENTES:  
O resto dos compoñentes da Comisión Delegada

**Os membros designados pola Xunta Directiva, son:**

TITULARES: Ricardo González Lobato (Secretario)  
Henrique Freixeiro Cameselle (Tesoureiro)  
Samuel García Ballesteros  
Adrian Trillo Barca

SUPLENTES:  
O resto dos compoñentes da Xunta Directiva.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as 19:15 horas do día 6 de Abril de 2026

Presidente

Secretario accidental da Asemblea  
Tesoureiro da Federación